

Á ÚLTIMA

NORABOA A CARLOS GARCÍA POLO SÚA NOVA CONCENTRACIÓN COA SELECCIÓN NACIONAL JUNIOR

O DEPORSPORT DESTACA AS NOVIDADES DA SECCIÓN DE BALONMÁN

UNHA INICIATIVA CON REPERCUSIÓN



O diario deportivo Deporsport adicoulle, nun dos seus últimos números, unha completa reportaxe á iniciativa da sección de balonmán da AD Xiria, de retransmitir os partidos por Internet e televisión, ademáis da emisión deste boletín e do programa “Más pega”. A idea, pioneira en Galicia, está a ter xa a súa repercusión nos medios de comunicación, como demostra a excelente reportaxe de Cristina Amigo. Quen non debe ter queixa, polo visto na páxina e media adicada ao Xiria, é o xogador Cuco, auténtico protagonista visual da reportaxe-



XIRIA BM



NOVEMBRO

ANO 2006

3ª TORNEO INTERNACIONAL DE BALONMÁN CONCELLO DE CARBALLO

TURNO PARA A BASE

Contido

Reportaxe 2
A base, protagonista do Torneo Internacional de Balonmán Concello de Carballo

Guía do Torneo 4
Todos os horarios e equipos participantes para non perder detalle do torneo.

Entrevista 6
A delegada provincial de Cultura e Deporte fala sobre o Torneo e a base.

Reportaxe 7
Outras cousas que hai que saber do Torneo Internacional de Carballo.

Á ÚLTIMA 8



O TORNEO
DISPUTARSE OS
DÍAS 6, 7 E 8 DE
DECEMBRO NOS
PAVILLÓNS VILA DE
NOIA E BERGANTIÑOS

UN EQUIPO POR
DETERMINAR, O
CISNE, O BUEU, O
PORRIÑO E O ADEMAR
LEÓN SERÁN OS
RIVAIS DO XIRIA

caixanova



BOA OCASIÓN PARA COÑECER A EVOLUCIÓN DOS EQUIPOS DE BASE

O 3º Torneo Internacional de Balonmán Concello de Carballo, organizado conxuntamente polas Escolas Balonmán Xiria e o Padroado Deportivo Municipal de Carballo, disputarase no Concello de Carballo os días 6, 7 e 8 de decembro, nunha competición de balonmán para as categorías infantil, cadete e xuvenil. O evento está patrocinado, conxuntamente, polo Concello de Carballo, Diputación da Coruña e Fundación Deporte Galego.

Os obxectivos que persegue a celebración deste torneo son promover a actividade física e deportiva, educar e formar mozos deportistas, facilitar a convivencia entre



xogadores, técnicos, delegados, directivos, árbitros, público..., sensibilizar de cara ao xogo colectivo e ao espírito de grupo, intercambiar novas experiencias entre técnicos e deportistas e promover o concello de Carballo.

Benxamín e alevín

Ademáis, o día seis haberá unha xornada

para os máis pequenos, nas categorías benxamín e alevín. Os encontros disputaranse nos pavillóns Vila de Noia e Carballo Calero e tomarán parte do torneo, ademáis do Xiria, un equipo portugués, o Cisne, o Bueu, o Porriño e o Ademar León. A consolidación do evento, con esta 3ª edición, é xa un feito.



O TONEO CONVÍRTESE NUNHAS XORNADAS DE CONVIVENCIA

ALGO MÁIS QUE UNHA COMPETICIÓN

Un dos obxectivos que persegue a realización do torneo, ademáis do apartado meramente deportivo, é fomentar a convivencia e amizade entre os deportistas participantes. O Colexio Fogar cederá as súas instalacións para facilitar a convivencia dos equipos participantes, un exemplo máis de que o deporte non acaba na pista de xogo.



Marcos dirixe unha sesión dos benxamíns

**O COLEXIO
FOGAR SERVIRÁ
PARA QUE
MOITOS DOS
PARTICIPANTES
COMPARTAN
EXPERIENCIAS**

No aspecto deportivo, este tipo de evento debe servir para o fomento da práctica do balonmán entre os máis pequenos, que non dispoñen de ligas onde poder sentir as sensacións que se experimentan nunha cancha de xogo.



O DATO

A organización confía en que os pavillóns gocen duna extraordinaria entrada, debido ás características do torneo e aos seus xóvenes participantes.



DELEGADA PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Milagros Lantes: "O deporte base goza de moi boa saúde en Carballo"

A Fundación Deporte Galego colabora coa celebración do Torneo. A delegada provincial de Deportes, Milagros Lantes, danos a súa opinión.

- ¿Qué importancia teñen para a Consellería de Cultura e Deporte este tipo de torneos cos equipos de base?

- A Consellería de Cultura e Deporte, consideramos fundamental e básico participar, colaborar e traballar en todos os eventos que se dan no deporte base, fundamentalmente porque son os cimentos para o futuro do noso deporte. Temos que ser quen de crear unha base sólida e estable para que se consolide e poder cegar así a toda a

sociedade.

- Cómo cres que está agora mesmo o deporte de base en Galicia e, concretamente, en Carballo?

- O deporte base en Galiza está tendo futuro moitas veces grazas ao movemento asociativo, que durante moitos anos ben traballando dun xeito altruísta, de aí que o noso deber sexa colaborar, asesorar, axudar en todo o posible. En Carballo este movemento goza de boa saúde. Os carball@s poidan optar por unha variada oferta, que é verdade en outros moitos Concellos non existe.

-¿Queda aínda moito camiño por percorrer?



- Efectivamente, queda moito camiño por percorrer, pero os pilares están postos, e agora o que hai que facer é consolidar e potenciar este traballo.

-¿Cómo valoras o traballo que a AD Xiria está facendo desde hai anos co balonmán?

- AD Xiria vén sendo un referente non só no Concello de Carballo, senón en toda a comarca de Bergantiños. Eu ánimoa a que siga traballando e FORZA XIRIA.



PARTICIPAN NO TORNEO UN TOTAL DE MÁIS DE DEZ CLUBES

240 DEPORTISTAS DARANSE CITA EN CARBALLO

Un total de 240 deportistas daranse cita en Carballo co gallo da celebración do Torneo. O xoves día 7 celebrárase a primeira xornada do torneo das categorías infantil, cadete e masculino, pola tarde, para dar paso o venres ás dúas últimas xornadas, de mañán e de tarde. O sistema de competición será de liguilla e enfrontaranse todos contra todos, coa participación de catro equipos por categoría. como deportistas.

O Torneo presentouse no Concello de Carballo, e contou coa presenza do alcalde, Evencio Ferrero, o xerente do Padreado Deportivo Municipal, Francisco García, e



Marcos Rodríguez. Este último destacou que "neste tipo de eventos búscase a convivencia e que os chavales se coñezan e disfruten da experiencia. Isto axudará a fortalecer a amizade con xogadores cos que, seguramente, se volverán a atopar. Desde a organización dámoslle moita importancia á labor social que cubre o torneo".

O alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, comentou que "o torneo axuda ao fomento do deporte desde idades tempranas. Carballo é unha das mellores escolas de Galicia de balonmán e é unha ocasión única de compararse con outras entidades de Galicia ou de fóra"

GUÍA PARA SEGUIR O TORNEO

XOVES 7. XORNADA 1. PAVILLÓN VILA DE NOIA.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|-----------------------|----------|-------------|
| 15:30 | PROCASA XIRIA | BM CISNE | INFANTIL M. |
| 16:45 | PUNTA DEL ESTE XIRIA | BM BUEU | CADETE F. |
| 18:15 | IFECGAS PEREIRA XIRIA | BM CISNE | CADETE M. |
| 19:45 | ASESORIA SUEIRO XIRIA | BM CISNE | XUVENIL M. |

XOVES 7. XORNADA 1. POLIDEPORTIVO CARBALLO CALERO.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|-------------|----------------|-------------|
| 15:30 | ADEMAR LEON | POR DETERMINAR | INFANTIL M. |
| 16:45 | BM PORRIÑO | POR DETERMINAR | CADETE F. |
| 18:15 | ADEMAR LEON | POR DETERMINAR | CADETE M. |
| 19:45 | ADEMAR LEON | POR DETERMINAR | XUVENIL M. |

VENRES 8. XORNADA 2. PAVILLÓN VILA DE NOIA.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|-----------------------|------------|-------------|
| 9:15 | PROCASA XIRIA | POR DETER. | INFANTIL M. |
| 10:30 | GARAYSA XIRIA | POR DETER. | CADETE F. |
| 11:45 | IFECGAS PEREIRA XIRIA | POR DETER. | CADETE M. |
| 13:15 | ASESORIA SUEIRO XIRIA | POR DETER. | XUVENIL M. |

VENRES 8. XORNADA 2. POLIDEPORTIVO CARBALLO CALERO.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|-------------|----------|-------------|
| 9:15 | ADEMAR LEON | BM CISNE | INFANTIL M. |
| 10:30 | BM PORRIÑO | BM BUEU | CADETE F. |
| 11:45 | ADEMAR LEON | BM CISNE | CADETE M. |
| 13:15 | ADEMAR LEON | BM CISNE | XUVENIL M. |

VENRES 8. XORNADA 3. PAVILLÓN VILA DE NOIA.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|-----------------------|-------------|-------------|
| 15:30 | PROCASA XIRIA | ADEMAR LEON | INFANTIL M. |
| 16:45 | GARAYSA XIRIA | BM PORRIÑO | CADETE F. |
| 18:00 | IFECGAS PEREIRA XIRIA | ADEMAR LEON | CADETE M. |
| 19:30 | ASESORIA SUEIRO XIRIA | ADEMAR LEON | XUVENIL M. |

VENRES 8. XORNADA 3. POLIDEPORTIVO CARBALLO CALERO.

| HORA | PARTIDO | | CATEGORIA |
|-------|----------------|----------|-------------|
| 15:00 | POR DETERMINAR | BM CISNE | INFANTIL M. |
| 16:15 | POR DETERMINAR | BM BUEU | CADETE F. |
| 17:30 | POR DETERMINAR | BM CISNE | CADETE M. |
| 19:00 | POR DETERMINAR | BM CISNE | XUVENIL M. |

O MÉRCORES DÍA 6 CELÉBRASE UN TORNEO DE MINI BALONMÁN EN CATEGORÍAS BENXAMÍN E ALEVÍN. DE 10:00 A 20:00 HORAS NO PAVILLÓN VILA DE NOIA



A ENTREGA DE TROFEOS TERÁ LUGAR NO PAVILLÓN VILA DE NOIA, O VENRES DÍA 8, A PARTIR DAS 21:15 HORAS, COA PRESENZA DE VARIAS AUTORIDADES

